

Escola Aberta ao Futuro

Todos os nenos e nenas participantes son gañadores do Certame de Debuxo Infantil Escola Aberta ao Futuro, por eso son premiados mediante a entrega de:

- Diploma acreditativo de Participación no Certame.
- Un balón.

Ademais, os debuxos seleccionados serán publicados como ilustración gráfica do Informe colaborativo ESCOLAS UNITARIAS, ESCOLA DE VANGARDA, ESCOLA ABERTA AO FUTURO, que está a ser elaborado por docentes, nais e pais de todos os centros educativos públicos da área educativa de Betanzos.



Autor: Javier Cid Castro
Escola de E.I. de Coirós



Autor: Adrián Roca Meda
Escola de E.I. de Fontelo-Ois



Autora: Xiana Eriás Castro
E.I. do CEIP Francisco Vales Villamarín



Autora: Ánxele Manigrasso Pérez
Escola de E.I. de Souto



Autor: Brais Sánchez Pita
Escola de E.I. de Areas

O xurado estivo composto por:

- Andrés Otero, Director do CEIP Francisco Vales Villamarín.
- Olga Abella, mestra responsable da Escola de Educación Infantil de Fontelo-Ois.
- Susana García, mestra responsable da Escola de Educación Infantil de Souto.
- Conchi Fernández, mestra responsable da Escola de Educación Infantil de Coirós.
- Yolanda Sánchez, mestra responsable da Escola de Educación Infantil de Areas.
- Paula Boado, presidenta da ANPA O Cruceiro da EEI de Coirós.
- Amaya García, presidenta da ANPA Brigantium do CEIP Fco Vales Villamarín.
- Moncho Bouzas, vogal da ANPA Brigantium do CEIP Fco Vales Villamarín.

FESTA do NADAL



ANPA Brigantium



<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

email: anpabrigantium@gmail.com

ENTREGA CARNÉS DE SOCIOS

A ANPA procederá estes días ao reparto dos carnés entre os seus socios, o que lles permitirá acceder aos descontos das tendas colaboradoras ACEBE, ademais de servirles como acreditación, se fose necesario, para calquera evento ou actividade extraescolar organizada por esta ANPA.

Os carnés distribuiranse nun sobre a través dos vosos fillos/as. Se algún socio non o recibe que se poña en contacto con nós.

Actividades con prazas libres

A partir do mes de Xaneiro, pódense realizar inscricións nas actividades con prazas libres.

Só lle tedes que solicitar a folla de inscrición ós monitores da actividade na que queirades inscribir ós vosos fillos.

SOCIOS ANPA = 50€/ cada actividade

NON SOCIOS = 70€/ cada actividade

Pago 2º prazo - Actividades Extraescolares

Todas aquelas familias que optaran polo pago fraccionado das actividades extraescolares, deberán proceder ao abono do segundo prazo, antes do 17 de xaneiro de 2013. (Ampliado prazo hasta o 31 de Janeiro).

SOCIOS ANPA = 30€/ cada actividade

NON SOCIOS = 40€/ cada actividade

Os pagos débense facer na conta bancaria da ANPA Brigantium, indicando, no concepto, o nome do neno/a e a actividade na que está inscrito.

BANCO ETCHEVERRIA 0031 0001 28 1011010169

SEGUNDA FASE DA RENOVACION DOS BAÑOS

Como se prometera dende a Consellería de Educación, durante as vacacións de nadal deu comezo a segunda fase das obras de renovación dos baños do edificio central do noso colexio. Con esta reforma integral, os alumnos poderán facer uso duns baños propios deste século

LEIS PARA O RETROCESO SOCIAL

É habitual que a través deste boletín expresemos a nosa preocupación por todas aquelas cuestións que afectan á educación das nosas fillas e fillos. Constantemente denunciámos os continuos recortes no ensino público e a recentemente aprobada LOMCE. Asistimos con preocupación e indignación á perda de dereitos e aos devastadores recortes na educación, na sanidade e nos servizos sociais. Baixo o amparo da crise, os nosos políticos promoven desigualdades, discriminación e inxustizas, aprobando medidas e leis que recortan ou eliminan recursos en ámbitos que deberían ser prioritarios, xa que o investimento neles implica vivir nunha sociedade máis xusta, igualitaria, democrática e libre.

Resulta esperpéntico que neste momento, no que se decide que investir en educación é algo prescindible, no que as escolas teñen carencias importantes de persoal especializado na atención á diversidade e na educación especial, asistamos a un novo golpe para os nosos dereitos: a reforma da lei do aborto. Unha lei que xulga ás mulleres e as múltiples circunstancias que poden levalas a tomar a decisión de interromper un embarazo, incluídas razóns de saúde. Un brutal retroceso nos dereitos das mulleres, unha triste volta atrás. Nesta situación, ademais, as nais e pais enfrontámonos á diminución ou eliminación da xa escasa educación afectivo-sexual para os nosos nenos e nenas, na que a familia ten un papel moi importante, pero que a escola debería garantir. Moi ao contrario, imponse un modelo de escola que adoutrina, que dista moito de educar no respecto e na igualdade e que non promove o pensamento crítico, que é o que realmente nos fai tomar decisións libres.

Necesitamos recuperar os nosos dereitos. Dereito á educación e sanidade universais, públicas e de calidade, dereito a unha lei de axuda á dependencia, a unha reprodución sexual libre, a axudas sociais para as familias. Dereito a desenvolver con dignidade os nosos proxectos de vida.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES - EXHIBICION PATINAXE



O pasado sábado, día 11, tivo lugar no pabellón da Avenida Carregal, unha exhibición de patinaxe de velocidade destinada a nenos e nenas de entre catro e doce anos. Os mais madrugadores foron os nenos de Curtis, que coa su profe Lucía, comezaron a quentar o redor do pabellón. Dividimos a cada centro participante en seis grupos por idades. Así, os nenos, eran avisados polos seus monitores no momento que tiñan que saír á pista.

Tras unhas primeiras voltas para afacerse á superficie, chegou a hora das carreiras! Os máis pequenos realizaron hasta tres voltas completas ao circuito. Os maiores completaron catro voltas ao pabellón. Unha vez rematadas as carreiras, todos os participantes xuntos, dimos unha volta completa ó circuito.

Sen dudalo, os nenos e nenas sorprendéronos moito. Sen ter en conta o posto alcanzado por cada un deles, estiveron ilusionados e satisfeitos polos resultados obtidos. Unha vez máis, mostrannos a súas mellares cualidades: SOLIDARIDADE E COMPAÑEIRISMO.

NORABOIA A TODAS E TODOS!

Agradecemos os coles dos concellos de Aranga e Curtis, pola súa colaboración e participación.

Crónica realizada por Blanca García, monitora da actividade extraescolar de patín no CEIP Vales Villamarín.

